

## MESA SECTORIAL: OPE PTFP

Santiago, 15 de decembro de 2020

Na reunión da **Mesa Sectorial de Educación** celebrada no día de hoxe, tratouse o PROXECTO DE DECRETO polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Toma en primeiro lugar a palabra o Subdirector Xeral de recursos humanos e indica que se incrementa a oferta de emprego público de un total de **240 prazas para o corpo de PTFP**. O reparto por especialidades é o seguinte:

Corpo	Cod Esp	Especialidade	Prazas ofertadas
591	201	Cociña e pastelería	8
591	202	Equipos electrónicos	14
591	203	Estética	10
591	204	Fabricación e instalación de carpintería e moble	12
591	205	Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluidos	6
591	206	Instalacións electrotécnicas	16
591	208	Laboratorio	4
591	209	Mantemento de vehículos	30
591	210	Máquinas, servizos e produción	1
591	211	Mecanizado e mantemento de máquinas	10
591	214	Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios	8
591	216	Operacións de produción agraria	8
591	217	Patronaxe e confección	5
591	218	Peiteado	16
591	219	Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	8
591	220	Procedementos sanitarios e asistenciais	12
591	221	Procesos comerciais	12
591	222	Procesos de xestión administrativa	20
591	223	Produción de artes gráficas	2
591	225	Servizos á comunidade	7
591	226	Servizos de restauración	7
591	227	Sistemas e aplicacións informáticas	17
591	228	Soldadura	4
591	229	Técnicas e procedementos de imaxe e son	3
<b>TOTAL</b>			<b>240</b>

Dende **FeSP-UGT** expoñemos cal é a situación actual da taxa de interinidade no corpo, sendo moi dispar, dependendo das especialidades. A OFERTA DE EMPREGO, diante da futura configuración do actual corpo de PTFP, pode ser parte dunha solución para o profesorado que ten titulación habilitada para a docencia.

A situación que se pode dar no conxunto do Estado coa declaración de “corpo a extinguir” do actual PTFP, aínda recoñecendo que ten enormes dificultades que se deberán salvar, non ten o impacto que ten no resto do Estado entre outras cuestións polo seguinte:

- Os acordos de concertación do Emprego Público asinados por **FeSP-UGT**, tanto os estatais coma o de Galicia, e coas súas conseguintes ofertas de prazas de estabilización supuxeron que neste momento o impacto ante a introdución da disposición adicional vixésima terceira da LOMLOE.
- O acordo de Interinos de Galicia, asinado por **FeSP-UGT**, permitiron que a nosa Comunidade Autónoma non teña as taxas alarmantes de interinidade que existen noutras CCAA. Estamos a falar que hai comunidades que teñen unha taxa de máis do 30%. En Galicia, e debido en gran parte ó Acordo de interinos en vigor, este colectivo non ten esa dimensión, atópase nun 7% aproximadamente.
- A conclusión á que chegamos é que o **acordo de concertación coa súa conseguinte oferta de emprego máis o acordo de interinos** é a solución máis viable e realista para a racionalización dos recursos humanos no sistema educativo.
- Se hai un corpo sometido á vulnerabilidade e arbitrariedade das circunstancias (matrícula, ciclos a implantar, conexión co mercado laboral) é o colectivo de PTFP. Faise máis necesario que nunca un **novo mapa de FP de Galicia, realista, negociado, escoitando a todos, cunha certa estabilidade** que estea en conexión coa realidade socioeconómica do entorno para potenciar precisamente todas as ensinanzas conectadas directamente coa realidade do mundo do traballo. E iso neste momento non se está a dar.
- Preocúpanos a problemática xurdida co corpo de **PTFP como corpo a extinguir**.
  - Esta oferta de emprego público cubre o 100% do persoal docente de PTFP sen titulación de acceso ao grupo A1. Esta oferta, engadida á xa convocada suma 603 prazas.
  - Preocúpanos que non se cubran todas as prazas ofertadas. Nas convocatorias de oposicións dos anos 16, 17, 18 e 19 deixáronse sen cubrir un 10 % de prazas.

- Preocúpanos o problema que existe coa titulación de grao necesaria para pertencer ó corpo A1:
  - Dependendo das especialidades, a incidencia da carencia de titulación axeitada para acceder ó corpo de PES é maior. Dous claros exemplos (hai máis) son as especialidades como mantemento de vehículos ou peiteado.
  - A OPE pode pretender paliar en parte o problema que xurdirá no futuro coa falla de titulación para acceder ó sistema.

Dende **FeSP-UGT**, entendemos que a solución do problema que pode xurdir no colectivo de interinos do corpo PTFP debe darse dende o conxunto do Estado e dende o conxunto das administracións. Dende **FeSP-UGT** cremos que o marco normativo que se podería utilizar sería a nova **Lei de FP** debería recoller **medidas correctoras** que a Disposición Adicional da LOMLOE pode producir. Esta medida, **xunto co propio desenrolo da Disposición** debería posibilitar unha **saída negociada para todo o colectivo**. Sería desexable que se establecera nun marco normativo propio, o **marco dun Estatuto Docente** que regule o acceso á función pública docente. Podería complementar o desenrolo da Disposición Adicional da LOMLOE.

**FeSP-UGT** loitará para que todos os PTFP queden dentro do sistema educativo público.

A administración, por medio do Subdirector Xeral de Recursos Humanos puntualiza o seguinte:

- A OPE palía pero non da unha solución á situación futura en FP, enténdese como unha posibilidade para o persoal que se atopa na situación de “corpo a extinguir” neste momento.
- A Consellería aclara que as persoas xa matriculadas na convocatoria anterior non volverán a facelo aínda que os méritos se terán en conta ata o peche deste segundo prazo de matrícula.
- Figuras coma a de profesores especialistas son figuras excepcionais e parece que non debería ser a figura elixida para o profesorado que teña falla de titulación.
- O Subdirector Xeral insiste nas **dúas condicións desta OPE**: a aprobación da lei de Orzamentos Xerais do Estado e a entrada en vigor da LOMLOE. A primeira é a que permitirá ir ó 100% das prazas de estabilización.

No punto de **Varios**:

- O primeiro que destacamos é a problemática da negociación de vacantes que se realiza na Comisión da Permanente das Xuntas de persoal da Coruña e que, a día de hoxe, aínda non se celebrou. A Xefatura Territorial solicitou unha videoconferencia para a negociación das vacantes pero as OOSS pediron que fose presencial. Dende a nosa organización sindical defendemos a presencialidade das distintas reunións que se convoquen. Evidentemente, dentro do marco legal que as autoridades sanitarias establecen.
- En segundo lugar pídese aclaracións sobre os criterios que seguirá a Consellería para a selección do persoal docente que se considere con acreditada solvencia nos equipos AVA. Farase mediante unha convocatoria pública?
- O seguinte aspecto ten que ver coa especialidade de **Informática no corpo de PES**. (A situación é similar en todas as provincias). Tódolos ciclos novos cubertos e impartidos con persoal interino e en situación provisional, cando existe un total de **24 funcionarios en expectativa de destino**, algúns deles levando xa máis de 2 anos en expectativa.) Pídese unha maior estabilización con adxudicación de destinos definitivos.
- Polo que respecta aos **Equipos Directivos**, pedimos que ante a situación que estamos a vivir se permitan máis horas de dedicación para a actividade de dirección, a carga de traballo aumenta, cada día teñen que asumir máis funcións, os prazos de entrega de documentación cada vez máis curtos.
- No último punto reflexamos a preocupación que están tendo nos centros educativos que imparten certas especialidades de Formación Profesional e que empregan maquinaria e ferramentas que necesitan dunha certa competencia para poder empregarlas cunha seguridade mínima. Entre outras, especialidades como por exemplo mole e carpintería. Dende a **FeSP-UGT** solicitamos unha formación práctica mínima e específica para as especialidades que o requiran co fin de poder evitar posibles accidentes laborais tanto do profesorado coma do alumnado. **A PREVENCIÓN É UNHA PRIORIDADE.**
- O conxunto das organizacións sindicais sumámonos á proposta de que o día 8 de xaneiro 2021 sexa considerado non lectivo pola situación de pandemia que estamos a vivir. Defenden que os efectos das festividades poderían aparecer neses días entón que sería unha forma de evitar contaxios deixando pasar tres días máis.

## A administración contesta:

- Que se comunicará coa Xefatura Territorial da Coruña e dará traslado en relación a solicitude de reunión presencial da Xunta de persoal docente.
- Aclara que a selección de persoal dos equipos AVA será cuberta en réxime de comisión de servizos por ser unha medida de urxencia, **sen convocatoria pública**. Puntualiza que xa se ten actuado deste xeito en anteriores ocasións.
- Indica que o manexo da maquinaria ou dos elementos perigosos dependen da formación inicial e non da formación pedagóxica, e ademais non sería viable por parte das universidades crear tantas formacións diferentes como “especialidades perigosas”.
- Apoia a idea de que o día 8 de xaneiro se declare non lectivo por razóns sanitarias polo que trasladarán a proposta a sanidade.

As organizacións sindicais seguimos pedindo que nas próximas reunións asista a Secretaría Xeral de Educación para poder preguntarlle directamente e así obter resposta das cuestións que preocupan ó profesorado.